

CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)" (POS + ADICIONAL 2/2021)**Procedemento: CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO (art. 159 LCSP)**

Expediente: 2022/C003/000004

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Redáctase a presente memoria para dar cumprimento ao previsto no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español das Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. (LCSP en diante).

1. Descrición da situación actual e obxecto do contrato**a. Situación actual**

A solicitude da dotación do servizo de saneamento de augas residuais por parte da veciñanza do lugar de As Pontellas non é recente.

O propio Plan Xeral de Ordenación Municipal, con data de aprobación de maio de 2016, recolle a necesidade de realizar unha conexión de saneamento para as vivendas existentes neste lugar

b. Obxecto do contrato

Tendo en conta a demanda do servizo por parte dos habitantes do núcleo e a súa inclusión expresada no Plan Xeral de Ordenación Municipal, establécese como obxecto do proxecto definir e valorar as obras necesarias para conectar as vivendas situadas no núcleo de As Pontellas, con acceso dende o PK 0+560 da estrada da rede provincial DP-6902.

A principal razón pola que estas vivendas permanecen desconectadas á rede municipal de saneamento, a pesar da súa cercanía ao discorrer esta pola mencionada estrada DP-6902 (aínda que pola marxe dereita, contraria á súa posición), é que, debido á particular orografía da zona non é posible realizar unha conexión directa por gravidade (a estrada provincial sitúase a maior cota topográfica que as propias vivendas emprazadas na ladeira con caída dende a DP-6902 cara o borde do estuario do río Eume).

A solución proposta, resolvendo a problemática exposta mediante a execución dun bombeo que conecte o punto de recollida do efluente, a situar nun lugar o suficientemente baixo para permitir a conexión por gravidade das vivendas co colector da rede municipal emprazado na marxe dereita da estrada provincial, preséntase como a máis loxica ao non dispoñer o concello de ningunha parcela que puidera albergar unha hipotética estación depuradora (única alternativa ao bombeo) evitando ademais así a creación dun novo punto de vertido co seu correspondente custo económico de execución e mantemento.

Dada a limitación do espazo dispoñible, o equipo de bombeo resolverase cunha estación compacta prefabricada que albergará as dúas electrobombas sumerxibles con sistema de



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

funcionamento alternativo capaces de elevar un caudal de 1,00l/s a unha altura de 20 m.c.a. e unha distancia de 410m.

Como referencia para este equipo, propónse un pozo de bombeo prefabricado de material sintético de grande calidade resistente á corrosión para bombas sumerxibles tipo "ABS Synconta 902B de SULZER" ou equivalente, instalado sobre unha base de encachado de pedra de 50cm. De espesor, coa colocación previa dunha lámina xeotextil non texida de 200g/m2 como elemento separador.

Prevese a execución dunha base e envolta de todo o conxunto con formigón en masa de 20cm. de espesor, como sistema antiflotación.

O vial que soportará a rede de tuberías dende, un punto de vista orográfico, conta con tres tramos diferenciados:

O do extremo oeste presenta unha lonxitude duns 175m. e unha forte pendente ascendente cun valor medio do 10% ao dirixirse practicamente perpendicularmente (e polo tanto cunha línea de máxima pendente de ladeira) cara a liña de borde marítimo do estuario do Río Eume.

O tramo central de 160m. de lonxitude, é practicamente chan (cota mínima de terreo 23,62 e máxima 24,33).

O tramo do extremo oriental de 130m. recupera o sentido ascendente do primeiro pero cunha pendente máis suave (menor do 5%).

É por isto que se propón unha dobre rede de colectores: unha de gravidade que, acomodándose na medida do posible á pendente dos viais sobre os que discorre, conducirá os verquidos ao pozo de bombeo situado augas abaixo da última vivenda a servir; e unha tubería de impulsión que partindo do pozo anterior evacuará os no pozo existente na marxe dereita da DP-6902 pertencente á rede xeral municipal.

2. Análise Técnica

O proxecto técnico para a realización da obra está asinado dixitalmente polo enxeñeiro de camiños Antonio José Durán Maciñeira en data 03.03.2021., documento con rexistro de entrada municipal nº 202199900000396 de 04/03/2021, aprobado mediante Decreto **245/2021 de 22/04/2021**, no que se recollen as prescricións técnicas que han de rexer a contratación. Este contén o prego de prescricións técnicas que han de rexer a obra.

3. Análise Económica

O proxecto de obra obxecto do presente contrato está incluído dentro do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS + ADICIONAL 2/2021**", adoptada resolución de inclusión mediante Decreto 412/2021 de 08/07/2021, modificado o cadro de financiamento da dita solicitude mediante Decreto 429/2021 de 15/07/2021.

Logo de ver a Resolución da Presidencia da Deputación da Coruña de data 22/06/2022, de aprobación definitiva do investimento:

- Código de obra: 2021.2102.0538.0



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Financiamento: Deputación Provincial (83,98 %) ---121.978,62 €
Concello (16,02 %)---23.264,15 €
- Orzamento: 145.242,77 € (IVE incluído).

Vista a base 4.2 das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2021" que establece: "[...] A achega do concello é voluntaria. Para cada investimento deberá indicarse a parte que se financia con cargo á deputación e, no seu caso, a parte que voluntariamente achega o concello, co compromiso do seu financiamento.

Terase en conta que, de conformidade co criterio de aplicación das baixas de licitación aprobado polo Pleno desta deputación na sesión realizada o día 25 de setembro de 1998, no caso de que haxa unha baixa de licitación no investimento, o concello beneficiarase da máxima baixa posible. Isto quere dicir que se o concello realiza voluntariamente algunha achega, no caso de que houbese baixa de licitación, esta aplicarase en primeiro lugar a minorar a achega municipal ata anulala, mantendo no posible a achega da deputación."

Tendo en conta os informes da Alcaldía en funcións e da Intervención Municipais de datas 19.01.2021 e 20.01.2021 respectivamente, nas que se indica, entre outros que:

"- *Vida útil estimada*

A vida útil esperada debería superar os 10 anos, en tanto non se produzan variacións significativas do caudal que recollen ditas canalizacións e instalacións

- *Previsión de ingresos*

As obras propostas non derivan nunha previsión de ingresos directa, senón nun aforro nos custes de mantemento xa que se prevé unha redución de gastos esperada derivada da necesidade de actuacións auxiliares particularizadas para o garante do servizo de saneamento de augas fecais.

- *Previsión de gastos*

Os gastos previstos son os derivados da conservación da instalación de fecais, que de estar implantado un servizo de mantemento por persoal propio ou concesionaria do Concello, non debería supor incremento significativo algún.

Esta actuación é sostible xa que incluso evitará un gasto maior de non levarse a cabo, por gastos en mantemento do servizo, sancións por verquidos incontrolados, garantindo no tempo as distintas actividades que ofertará.

Conclusión relativa á acreditación de que este investimento permite o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período medio de pago a provedores."

Polo que, á vista do anterior, enténdese que este investimento permite o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública do concello e do período de pago a provedores, non tendo consecuencias relevantes en canto aos seus efectos orzamentarios e económicos para os ingresos e gastos de exercicios futuros.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

a. Orzamento base de licitación

Base imponible	IVA 21%	TOTAL
120.035,35 €	25.207,42 €	145.242,77 €

A desagregación pode consultarse no proxecto técnico que figura no expediente.

b. **Valor Estimado:** 120.035,35 €

c. Financiamento.

Deputación provincial da Coruña, POS + Adicional 1/2019	Concello
121.978,62 €	23.264,15 €
83,98 %	16,02 %

4. Análise do Procedemento

a. Xustificación do procedemento

O contrato ten un valor estimado de 120.035,35 € polo que a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que o procedemento polo que se tramitará será o aberto simplificado conforme ao establecido no artigo 159 da dita lei, cumprindo as condicións seguintes:

- Que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 2.000.000 de euros no caso de contratos de obras.
- Que entre os criterios de adxudicación previstos no pliego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor ou, de habelos, a súa ponderación non poderá superar o vinte e cinco por cento do total.

En canto aos criterios de valoración, serán de dous tipos:

- Criterios non avaliábles mediante fórmulas.
- Criterios avaliábles mediante fórmulas.

b. Cualificación do contrato

Trátase dun contrato de obras, incardinado no artigo 13 LCSP.

c. Análise de execución por lotes

Consonte ao artigo 99.3 LCSP, sempre que a natureza ou o obxecto do contrato o permitan, deberá preverse a realización independente de cada unha das súas partes mediante a súa división en lotes, podéndose reservar lotes de conformidade co disposto na disposición adicional cuarta.

Non obstante o anterior, o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente, salvo nos casos de contratos de concesión de obras. En todo caso



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

consideraranse motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, os seguintes:

- a) O feito de que a división en lotes do obxecto do contrato conlevase o risco de restrinxir inxustificadamente a competencia. Para os efectos de aplicar este criterio, o órgano de contratación deberá solicitar informe previo á autoridade de defensa da competencia correspondente para que se pronuncie sobre a apreciación da devandita circunstancia.
- b) O feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultase a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico; ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Ambos os extremos deberán ser, no seu caso, xustificadas debidamente no expediente.

Así, no caso que nos ocupa, a separación das distintas tarefas que se han de realizar en relación co obxecto do contrato deberán realizarse polo mesmo adxudicatario en función do establecido no artigo 99.3.b) LCSP, xa que segundo se pode comprobar no proxecto, a obra considérase completa para o seu uso e finalidade e polo tanto, este investimento, pola natureza do seu obxecto, non pode ser dividido en lotes que sexan obra completa.

Por Decreto 23/2021 de 19/01/2021 resolveuse, entre outros:

“PRIMEIRO.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto/prego que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 cos datos que se indican, atendendo aos informes técnicos emitidos polos respectivos redactores dos proxectos de obra que se indican:

...//...

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)
ORZAMENTO DO INVESTIMENTO	145.242,77 € (IVE incluído)

...//...”

d. Duración

A duración prevista para os traballos descritos obxecto do contrato, estableceuse tendo en conta a natureza das prestacións, as características da súa financiación e a necesidade de someter periodicamente a concorrência a realización das mesmas, así, prevéase que as obras teñan unha duración de **DEZASETE (17) SEMANAS (OU CUATRO MESES)**,.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Pódense prever prorroas na execución dos traballos debidas a causas imprevistas inicialmente, sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público.

5. Conclusións

A obra de "**AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)**" (POS + ADICIONAL 2/2021), licítase a través de procedemento aberto simplificado do artigo 159 da LCSP, cun orzamento base de licitación sen IVE que ascende a 120.035,35 € e unha duración prevista de **DEZASETE (17) SEMANAS** (OU CUATRO MESES).

Cadro Resumo

TIPO CONTRATO	DE	Contrato de obras	SUBTIPO DE CONTRATO	Trabajos de construcción de canalizaciones de aguas sucias.	
OBXECTO CONTRATO	DO	"AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)" (POS + ADICIONAL 2/2021)			
PROCEDEMENTO CONTRATACIÓN		Procedemento aberto simplificado (art. 159 LCSP)	TIPO DE TRAMITACIÓN	Ordinaria	
CÓDIGO CPV		CPV: 45232411-6 Trabajos de construcción de canalizaciones de aguas sucias.			
VALOR ESTIMADO		120.035,35 €			
ORZAMENTO BASE SEN IVE		120.035,35 €	IVE 21%	25.207,42 €	ORZAMENTO BASE IVE INCL. 145.242,77 €
FINANCIACIÓN		Aportación do POS+ Adicional 2/2021 da Deputación da Coruña: <ul style="list-style-type: none"> Aportación Deputación da Coruña: 121.978,62 € (83,98 %) Aportación Concello: 23.264,15 €(16,02 %) 			
DURACIÓN EXECUCIÓN	DA	DEZASETE (17) SEMANAS (OU CUATRO MESES),	PRÓRROGAS	Poderíanse acordar no caso de darse circunstancias non previstas inicialmente	
NECESIDADE SATISFACER	A	Ampliación da rede municipal de saneamento.			

En Ponte deume, asinado dixitalmente por José Simoes Couceiro, Alcalde en funcións, en Ponte deume á data da sinatura dixital.

